

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2025**

**PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

**ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

**INTERVENTORA ACCIDENTAL:**

D<sup>a</sup> Laura Garcia Santiago

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día vinte e tres de decembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D<sup>a</sup> Laura Garcia Santiago e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2025**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 16 de decembro de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 16 de decembro de 2025.

### **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, bases do Programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica 2026 (DP0043). BOP número 243, de 19-12-2025.
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Orde de 11 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT236A). DOG número 247, de 23-12-2025.

### **3.- PROPOSTAS**

#### **ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO “CONTRATO MIXTO PARA O DESENVOLVEMENTO DA CABALGATA INFANTIL DOS REIS MAGOS A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE NO ANO 2026” (EXPTE. TEDEC: 2025/C004/000013)**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 18 de decembro de 2025 (CVD: dkf+z1RZE+b7Dk/T9rcR), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do “Contrato mixto para o desenvolvemento da cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2026” (Expte. TEDEC: 2025/C004/000013).

Vista a acta do órgano de asistencia de data 9 de decembro de 2025 (CVD: 5p8qmKTowOrGA0tV4I5m), na que consta que o dito órgano acordou:

(...)

**“Primero.-** Realizar la propuesta de adjudicación a la empresa Animación y Eventos SL del contrato de los “Servicios consistentes en el diseño, producción y suministro de los elementos característicos de la Cabalgata de Reyes 2026, Ayuntamiento de Cambre”.

(...)

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas José Luis Martínez Názara de 15 de decembro de 2025 (CVD: 7BwX8onyx3BGmwl1v9fJ) no que entre outras cousas di: “(...) se informa favorablemente á solvencia económica, financeira e técnica (...)”, no expediente 2025/C004/000013, do “Contrato mixto para o desenvolvemento da cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2026”.

Visto o informe do órgano de asistencia sobre a documentación presentada polo licitador contemplada nas cláusulas 10 y 17 do PCAP, de 16 de decembro de 2025 (CVD: JYrVTG1ivhfacaDhtXjl) no que se expone que se considera xustificada a solvencia económica, financeira e técnica por parte do licitador proposto como adxudicatario do contrato, Animación y Eventos, S.L.

Visto o informe de secretaría de data 17 de decembro de 2025 (CVD: dYDmKvgGwJXCmo8naeNJ) no que se informa desfavorablemente a adjudicación do contrato polos motivos nel expostos.

Visto o informe emitido pola interventora interina de data 17 de decembro de 2025 (CVD: Rkc/kjhBv8bPR46j/Z6c) no que formula reparo sen efecto suspensivo e no que, entre outras cousas, di:

“(…/…)”

### **RESULTADO DA FISCALIZACIÓN**

[  ] Fiscalizado **coas seguintes observacións**

- **X\*.A:** na contabilidade municipal do exercicio 2025 existe crédito axeitado e suficiente para asumir a adxudicación do expediente tedec 2025/C004/000013.
- **X\*.C:** a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151 LCSP e, en todo caso, con carácter previo a execución da prestación.

[  ] Fiscalizado **desfavorablemente** sen efectos suspensivos

- **X\*.B:** o informe de secretaría á adxudicación é desfavorable. (CVD: dYDmKvgGwJXCmo8naeNJ)

[  ] Fiscalizado **desfavorablemente SEN efectos suspensivos** por aplicación do RD 424/2017 e do RDL 2/2004

- **X\*.B:** A que subscribe debe facer referencia a que no informe conxunto de secretaría e intervención relativo á FASE A, sendo desfavorable pon de manifesto o seguinte: **(a negrita é propia)**

“ Segunda.- Natureza e obxecto do contrato.

*A cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares define o obxecto do contrato como “la contratación de los servicios consistentes en el diseño, producción y suministro de los elementos característicos de la Cabalgata de Reyes y su desarrollo a celebrar por el Ayuntamiento de Cambre y según las condiciones descritas en este documento(…)”*

*Respecto da necesidade e idoneidade do contrato, o artigo 28 da LCSP establece que a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido, deben quedar determinadas con precisión.*

*É no prego de prescripcións técnicas onde debe determinarse dun xeito preciso a prestación e cómo*

*esta se vai levar a cabo. E debe facerse dun xeito exhaustivo e detallar de forma axeitada cómo debe levarse a cabo, é dicir, cómo debe executarse o contrato.*

*Debe, polo tanto, ser o servizo propoñente, a través do PPT, quen defina pormenorizadamente a prestación a executar, concretando e especificando as características técnicas que debe reunir cada unha das prestacións que constitúen o obxecto do contrato e non deixalo ao que determinen os licitadores.*

*A xuízo dos que subscriben, **a prestación non se define con precisión.** Na cláusula 2 B 3 do PPT indícase que:*

*“Las empresas licitadoras deberán presentar junto con la oferta un boceto de cada una de las, junto con la descripción y características técnicas de obligado cumplimiento que se recogen en el presente pliego. Los bocetos podrán ser modificados por el departamento de Cultura del Ayuntamiento de Cambre, en aquellos aspectos que considere oportunos”.*

*Establécese tamén no PPT no apartado B “ Outras cláusulas” número 5 (páx,5) o seguinte:*

*“Con la oferta deberá de presentarse un boceto de cada una de las recepciones reales a fin de valorarla y modificarla en caso de ser necesario.”.*

*Na presente contratación, ao tratarse dunha prestación cun importante compoñente estético, **deberían definirse dun xeito máis preciso as condicións estéticas dos elementos a subministrar. Esta falta de precisión unido ao feito de que nos criterios de adxudicación non se contén ningún avaliable a través dun xuízo de valor que avalúe as condicións estéticas impedirá comparar as ofertas en condicións de competencia efectiva, o que infrinxe o disposto no artigo 145.5 c) da LCSP.***

*Cómpre sinalar que o artigo 145.4 da LCSP dispón que “Los órganos de contratación velarán por que se establezcan criterios de adjudicación que permitan obtener obras, suministros y servicios de gran utilidad que respondan lo mejor posible a sus necesidades, y en especial, en los procedimientos de contratos de servicios que tengan por objeto prestaciones de carácter intelectual, como los servicios de ingeniería y arquitectura.”*

*Na medida na que o PPT defina con precisión a prestación a realizar e a forma de execución, carecería de relevancia que un licitador diga cómo debe executarse o mesmo, polo que se reitera o anteriormente sinalado verbo da necesidade de que a prestación estea o suficientemente definida no PPT.*

***Polo exposto, a xuízo dos informantes, a prestación non está definida con precisión, o que non se axusta á normativa vixente.”***

No informe mencionado non se fai referencia á posibilidade de solventar as deficiencias mencionadas como si que ocorre noutros informes previos subscritos por la interventora titular.

Procede formular reparo sen efectos suspensivos en virtude do artigo 12 do Real Decreto 424/2017 debido a que afecta á disposición dun gasto (Fase D) mais non concorren (salvo error u omisión) as circunstancias do artigo 216.2 do TRLRFL

## **ADVIRTO POR ESCRITO:**

**PRIMEIRO.-** Coa finalidade de garantir a seguridade do público asistente, é preceptivo que as características técnicas das carrozas sexan previamente comprobadas por un técnico competente na materia (por exemplo, un enxeñeiro industrial, habida conta que o Concello de Cambre conta cun e enxeñeiro industrial).

**SEGUNDO.-** Con carácter previo ao comezo da execución da prestación, o responsable do contrato comprobará que constan os seguros que resulten obrigatorios para a celebración do evento exixidos pola cláusula 19 PCA así como toda aquela documentación a que se refiren as prescricións técnicas así como as condicións especiais de execución da cláusula 20 PCA.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino electrónicamente o presente informe na data que figura na marxe.

(.../...).

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 396/2025, do 30 de abril, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación admitindo nela ao único licitador presentado “Animación y Eventos, S.L.” CIF B15902448.

**Segundo:** Aprobar a seguinte valoración da única proposición presentada:

-ANIMACIÓN Y EVENTOS, S.L.- 49 PUNTOS.

**Terceiro.-** Adxudicar o “Contrato mixto para o desenvolvemento da cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2026” á entidade mercantil “Animación y Eventos, S.L” no prezo ofertado de 55,000,00 € sen IVE, 66.550,00 € (IVE incluído).

**Cuarto** Designar como responsable del contrato a don José Luis Martínez Názara, coordinador de actividade culturais e educativas, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación prestada.

**Quinto.-** Tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, entenderase formalizado o contrato mediante a firma de aceptación polo contratista adxudicatario do acordo de adxudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

**Sexto.-** Notificar este acordo ao licitador presentado e publicar este acordo de adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

**Sétimo.-** Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEDeC, ao responsable do contrato e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 18 de decembro de 2025 (CVD: dkf+z1RZE+b7Dk/T9rcR), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 12 ao 18 de decembro de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1227/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1267/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1227/2025	12-12-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16 de decembro de 2025
1228/2025	15-12-2025	Comparecer no procedemento de Seguridade Social en materia prestacional 0000441/2025 perante o Xulgado do Social número 3 da Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial
1229/2025	15-12-2025	Solicitar unha subvención para poñer en marcha o proxecto de obradoiro dual de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo III” 2025/2026 (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade), para a contratación do alumnado traballador e o persoal técnico que realizarán os servizos de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade establecidos no proxecto. Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e emigración unha subvención, de conformidade coa citada orde e co orzamento total de 537.576,00 euros, (445.576,00 para a execución do proxecto, e 92.000,00 euros para incentivos á contratación)

1230/2025	15-12-2025	Aprobar o recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 67.266,58 euros a prol da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en concepto de liquidación da achega municipal 2024 e previsión da achega 2025 ao Plan de Transporte metropolitano, servizos de predominante interese municipal (SIMU)
1231/2025	15-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención – providencia de data 25 de novembro de 2025, tendo en conta o informe emitido polo oficial, en funcións de xefe da Policía Local de data 01.12.2025, os informes emitidos polo responsable do sistema informático de data 02.12.2025 e o informe emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime interior de data 05.12.2025. Aprobar as facturas por un importe total de 4.098,29 euros
1232/2025	15-12-2025	Aprobar as facturas e gastos cun importe total de 62.505,09 euros
1233/2025	15-12-2025	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 18 de decembro de 2025
1234/2025	15-12-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LLP
1235/2025	15-12-2025	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar EAHT e AMGP na finca sita en rúa Amil, Cambre, consistentes nunha nova construción con estrutura metálica e cuberta xa executada, na que se están realizando a soleira e os cerramentos, deixando os ocos para as fiestras, sen licenza municipal nen comunicación previa
1236/2025	15-12-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 28/11/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: LChCh
1237/2025	16-12-2025	Ordenar a IBC que roce aa vexetación existente na finca sita en Ponte de Cela, Cela, e á poda das árbores que están a afectar a infraestruturas de alumeamento público na marxe do camiño de titularidade municipal, así como á retirada do lixo existente no interior da parcela
1238/2025	16-12-2025	Considerar desistido a SEPV da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada con data 08/07/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1239/2025	16-12-2025	Considerar desistida a FHJdaS da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada con data 04/09/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1240/2025	16-12-2025	Cesar a JALG como persoal eventual no Concello de Cambre no

		posto que viña ocupando de asesor de Cultura, Deportes e Xuventude, de conformidade co artigo 104-2 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local
1241/2025	16-12-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a JFR con taxa de 3,39 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 07/01/2026
1242/2025	16-12-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a MRD con taxa de 3,39 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora e 15 minutos de luns a xoves. A data de alta é: 07/01/2026
1243/2025	16-12-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a CCB con taxa de 10,16 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 07/01/2026
1244/2025	16-12-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a LGN con taxa de 1,69 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 07/01/2026.
1245/2025	16-12-2025	Considerar desistida a RBMB da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada con data 22/09/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1246/2025	16-12-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
1247/2025	16-12-2025	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar BMMC na finca sita en rúa Amil, Cambre, consistentes no derrubo dos muros perimetrais existentes e da cuberta, co obxecto de realizar unha nova edificación, execución dun tabique de cerramento situado máis alá do perímetro orixinal e cunha altura superior á do muro preexistente, adoptando ademais unha configuración propia dun uso residencial, sen licenza municipal nen comunicación previa
1248/2025	16-12-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: BPGD
1249/2025	17-12-2025	Aprobar as facturas e gastos por importe total de 54.954,17 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes
1250/2025	17-12-2025	Convocar sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Voceiros para o xoves 18 de decembro de 2025, ás 13:00 horas
1251/2025	17-12-2025	Desestimar o recurso de reposición interposto por AAS contra a Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico nº 739/2025 de data 1 de agosto de 2025, pola que se convoca proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos industriais interinos e se aproban as súas bases reguladoras, isto polos motivos expostos nos Fundamentos de Dereito do informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 15 de decembro de 2025, transcrito na parte expositiva desta resolución

1252/2025	18-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola interventora interina no informe de intervención de data 02.12.2025, no que se emite informe desfavorable de reparo suspensivo ás facturas,tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 11.12.2025. Aprobar as facturas por importe de 206.488,62 euros
1253/2025	18-12-2025	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 553.998,41 euros a favor do Consorcio das Mariñas, pola taxa de recollida do lixo do primeiro trimestre de 2025
1254/2025	18-12-2025	Aprobar o pagamento dos gastos en concepto de principal e recargos da Seguridade Social pendentes de pago a 16 de decembro de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos por importe total de 9.572,35 euros. Aprobar o pagamento dos gastos en concepto de xuros de mora da Seguridade Social pendentes de pago a 16 de decembro de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes e o seu pagamento, por importe total de 1,32 euros
1255/2025	18-12-2025	Aprobar as facturas e gastos por importe total de 190.050,37 euros
1256/2025	18-12-2025	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2025 correspondente ao mes de marzo 2025 por un importe total 1.373,48 €
1257/2025	18-12-2025	Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal para o xoves 23 de decembro de 2025, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 11:00 horas
1258/2025	18-12-2025	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2025 correspondente ao mes de febreiro 2025 por un importe total de 1.361,22 €
1259/2025	18-12-2025	Considerar desistida a MPQA, da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade presentada con data 05/08/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1260/2025	18-12-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o día 10/12/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: CGR
1261/2025	18-12-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 05/12/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: CEER
1262/2025	18-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ECM
1263/2025	18-12-2025	Considerar desistido a MVS da solicitude da tarxeta de

		estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 23/07/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1264/2025	18-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ECC
1265/2025	18-12-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar e con taxa de 10,16 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 12/01/2026. Solicitante: MBR
1266/2025	18-12-2025	Aprobar as facturas por importe total de 229,87 euros
1267/2025	18-12-2025	Rectificar o apartado primeiro da parte dispositiva da Resolución da Alcaldía nº 1257/2025, do 18 de decembro, no seguinte senso: Onde di: "Primeiro.- Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal para o xoves 23 de decembro de 2025, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 11:00 horas (.../...)" Debe dicir: "Primeiro.- Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal para o martes 23 de decembro de 2025, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 11:00 horas (.../...)"

## **5- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Proposta relativa á declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado PROGRAMA MAÑANCEIRO prestado pola empresa A BILLARDA, S.L.
- Proposta relativa á declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa ESTURION, S.L.
- Proposta relativa á declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal SERVICIO DE TELEFONÍA FIXA, MÓBIL, ACCESO A INTERNET, CENTRALIÑAS VIRTUAIS E ALUGUER DE EQUIPO, INCLUÍNDO OS SERVIZOS DE CONEXIÓN CON OUTROS CENTROS DE TRABAJO DESTE CONCELLO, SERVIZOS DE FIREWALL (SEGURIDADE E ANTIVIRUS), SERVIDOR VIRTUAL E RESPOSTA RÁPIDA DE INCIDENCIAS E AVARÍAS prestado pola empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. .

O Sr. Vázquez Pérez intervéen e manifesta a urxencia dos asuntos vén motivada polo feito de que superou o prazo que estableceu o Consello Consultivo de Galicia para declarar a nulidade dos actos administrativos.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, que é aprobada por unanimidade.

**- 5.1. PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DA NULIDADE DO ACTO ADMINISTRATIVO DA CONTRATACIÓN VERBAL DO SERVIZO DE TRACTO SUCESIVO E DE COMPETENCIA MUNICIPAL DENOMINADO PROGRAMA MAÑANCEIRO PRESTADO POLA EMPRESA A BILLARDA, S.L.**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 22 de decembro de 2025 (CVD: tH9OIGZH5NhPQau3Nto6), que transcrita di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Visto que por resolución da Alcaldía número 615/2025 de 18 de xuño resolveuse iniciar o expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo denominado PROGRAMA MAÑANCEIRO prestado pola empresa A BILLARDA, SL.

Visto o informe de secretaría asinado o 04.07.2025 (CVD: lap9CPTCIViTvMMVpHJI) no que se conclúe que concorre a causa de nulidade de pleno dereito establecida no artigo 47.1 e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

Visto que en data 11 de xullo de 2025 (número de rexistro de saída 20250000002806) notificouse a A BILLARDA, SL a apertura do prazo de alegacións.

Visto que o 28 de xullo de 2025 con número de rexistro de entrada 202599900004807 A BILLARDA, S.L. presenta escrito de alegacións ao expediente de revisión de oficio iniciado por resolución de alcaldía número 615/2025 de 18 de xuño.

Visto o informe emitido pola Interventora municipal en data 28 de setembro de 2025 (CVD: M1mDz7Vbfh3JgashNdLO)

Vista a resolución de alcaldía número 971/2025 de 14 de outubro pola que se resolveu solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado PROGRAMA MAÑANCEIRO prestado pola empresa A BILLARDA, S.L. (CVD: f38g/xLs754qQjdXikw7)

Visto o Ditame número CCG 331/2025 emitido o 12/11/2025 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 202590000002929) o cal é do seguinte tenor literal:

**“(…/…)Terceira. (…/…)**

Finalmente, segundo o establecido no artigo 41.3 da LCSP, será competente para declarar a nulidade do acto de adxudicación do contratos o órgano de contratación cando se trate de contratos dunha

Administración pública <sup>3</sup>, tendo en conta que, por outra banda, consonte coa sentenza do Tribunal Supremo do 13.12.2022 (rec. 4472/2020) “En tanto no se colme el evidente vacío legal, el órgano competente para conocer de las revisiones de actos nulos de pleno derecho de los Presidentes de las Corporaciones Locales de régimen común es el Pleno del Ayuntamiento” e que “No cabe la delegación de tal facultad” <sup>4</sup>.

#### **Cuarta. (...)**

Neste caso, como se analizou antes, a adxudicación do contrato debía axustarse á LCSP. Porén, só existiu un encargo verbal, con omisión do preceptivo procedemento de contratación e con transgresión así mesmo da prohibición de contratación verbal contida no artigo 37.1 da LCSP, conforme co cal: “1. *As entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña, conforme o sinalado no artigo 120.1, carácter de emerxencia*” precepto este último que se refire a “*Cando a Administración teña que actuar de maneira inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten a defensa nacional*”; condicións que non concurrían neste caso.

É clara, en consecuencia, a concorrencia da causa de nulidade do artigo 47.1.e) da LPAC (na mesma liña cabe citar os precedentes Ditames CCG 404/2022, CCG 56/2023, CCG 129/2024, CCG 130/2024, CCG 173/2024, CCG 218/2024, CCG 331/2024, CCG 101/2025 ou CCG 191/2025, CCG 192/2025 ou CCG 193/2025).

#### **Quinta.**

O parecer deste órgano consultivo é, pois, favorable á revisión de oficio. Non obstante o sentido favorable deste ditame, o coñecemento que este órgano consultivo vén tendo nos últimos tempos de expedientes de revisión de oficio de contratacións verbais obriga a efectuar unha última consideración (no mesmo sentido, CCG 191/2025, 192/2025 ou 193/2025).

O sentido favorable do ditame do Consello Consultivo nestes casos vén referido estritamente á procedencia da revisión de oficio debido a concorrencia de causa ou causas de nulidade por infraccións moi graves do ordenamento xurídico, como é, de forma sobranceira, a omisión de todo procedemento contractual. A gravidade destas actuacións ten sido posta de manifesto tanto polos tribunais (neste sentido, por exemplo, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 19.7.2022, rec. 7016/2022, alude a unha “*omisión groseira e grave das máis elementais normas de dereito administrativo*”), como por órganos de fiscalización (así o Tribunal de Contas no seu informe nº 1.415: *Informe de fiscalización de los expedientes de reconocimientos extrajudiciales de crédito aprobados por las entidades locales en el ejercicio 2018* <sup>5</sup>) e por outros órganos consultivos como o Consejo de Estado que en Ditames como o 1518/2022 (con cita de ditames previos) sinala, en relación con irregularidades contractuais graves (entre elas, os supostos de contratación verbais) que:

*(...) Todas estas situaciones ponen de relieve la existencia de graves infracciones en la contratación administrativa de las Administraciones implicadas. Aunque el ordenamiento jurídico dispone de mecanismos para reaccionar frente a tales conculcaciones de la legalidad e impedir que con ellas se causen perjuicios indebidos a los particulares, el Consejo de Estado debe una vez más manifestar su preocupación por la profusión de este tipo de actuaciones irregulares, que hace muy difícil salvaguardar adecuadamente los principios de publicidad y concurrencia que deben inspirar la contratación administrativa.*

*Por más que circunstancias de diverso tipo puedan interferir en la normal sucesión de los contratos o en la necesidad de recabar trabajos complementarios o extraordinarios que no pudieron preverse o anticiparse, es deber de la Administración actuar con previsión suficiente para garantizar que la contratación administrativa se ajusta a la legalidad, iniciando los procedimientos de contratación con la antelación suficiente o recurriendo, conforme a los procedimientos previstos en la legislación vigente, a utilizar las diversas soluciones permitidas para tales casos (contratación de emergencia, modificaciones del contrato o contratos complementarios).*

*Por ello, este Consejo de Estado debe enfatizar la responsabilidad que corresponde a la autoridad consultante para adoptar todas las medidas necesarias que eviten la continuación y repetición de conductas irregulares como la que está en el origen del expediente sometido a consulta (...).*

Seguindo esta mesma liña, este órgano consultivo debe advertir de que a revisión de oficio nestes casos non enerva as responsabilidades que poidan derivarse nin tampouco é un procedemento que poida ser utilizado polas Administracións públicas para eludir as regras de contratación pública e orzamentaria ou para converter en habitual e ordinario un modo de actuación ao marxe das ditas regras. De aí que a constatación deste tipo de irregularidades ha de ir necesariamente acompañada da adopción das medidas tendentes a corrixilas e a evitalas, o que inclúe tanto a esixencia de eventuais responsabilidades como a debida planificación e previsión das necesidades contractuais e orzamentarias con antelación suficiente para garantir o cumprimento das esixencias legais.

**CONCLUSIÓN** Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina:

**“Que informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire, sen prexuízo do indicado na consideración quinta deste ditame”.** (.../...)

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado PROGRAMA MAÑANCEIRO prestado pola empresa A BILLARDA, S.L.

A contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado PROGRAMA MAÑANCEIRO prestado pola empresa A BILLARDA, S.L. atópase incurso en causa de nulidade de pleno dereito de conformidade co disposto polo artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por terse ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e dado o incumprimento dos artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP; os artigos 213 e 214 do TRLFL e os artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

**Segundo.-** Notificar, para os efectos oportunos, o acordo á empresa A BILLARDA, S.L. .

**Terceiro.-** Remitir un certificado do acordo ao Consello Consultivo de Galicia.

**Cuarto.-** Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que teña lugar”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 22 de decembro de 2025 (CVD: tH9OIGZH5NhPQau3Nto6), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

**- 5.2. PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DA NULIDADE DO ACTO ADMINISTRATIVO DA CONTRATACIÓN VERBAL DO SERVIZO DE TRACTO SUCESIVO E DE COMPETENCIA MUNICIPAL DENOMINADO SERVIZO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES PRESTADO POLA EMPRESA ESTURION, S.L.**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 22 de decembro de 2025 (CVD: N/HoBVX0drTtpejPBaS5), que transcrita di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Visto que por resolución da Alcaldía número núm. 433/2025 de 9 de maio resolveuse caducidade do procedemento de revisión de oficio expediente número 2024/G003/000177 iniciado por resolución de alcaldía número 201/2024 de 22 de febreiro de 2024 por ter transcurrido o prazo previsto no artigo 106.5 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e incoar un novo procedemento de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa ESTURION, S.L.

Visto que en data 13 de maio de 2025 (núm. De rexistro de saída 20250000001862) notificouse a ESTURION, S.L. a apertura do prazo de alegacións.

Visto informe asinado polo auxiliar de rexistro o 01.07.2025 (CVD: AABK0MDNDMVjRPZ0i5jH) no que se fai constar “(...) *Que durante o período do día 26 de maio do 2025 ao 6 de xuño do 2025 e consultado o rexistro xeral de entrada de documentos, non consta no mesmo a presentación de alegacións. (...)*”.

Visto o informe-proposta emitido pola Interventora municipal en data 18 de setembro de 2025 (CVD: O1u6OZPOKkVu4rDxxQM7)

Vista a resolución de alcaldía número 878/2025 de 23 de setembro pola que se resolveu solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES prestado pola empresa ESTURION, S.L. (CVD: cNAWqsJsbTvcyTmeoSAD )

Visto o Ditame número CCG 327/2025 emitido o 12/11/2025 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 202590000002927) o cal é do seguinte tenor literal:

“(.../...)Terceira. (.../...)”

Finalmente, segundo o establecido no artigo 41.3 da LCSP, será competente para declarar a nulidade do acto de adxudicación do contratos o órgano de contratación cando se trate de contratos dunha Administración pública <sup>3</sup>, tendo en conta que, por outra banda, consonte coa sentenza do Tribunal Supremo do 13.12.2022 (rec. 4472/2020) “En tanto no se colme el evidente vacío legal, el órgano competente para conocer de las revisiones de actos nulos de pleno derecho de los Presidentes de las Corporaciones Locales de régimen común es el Pleno del Ayuntamiento” e que “No cabe la delegación de tal facultad” <sup>4</sup>.

#### **Cuarta. (.../...)**

Neste caso, como se analizou antes, a adxudicación do contrato debía axustarse á LCSP. Porén, só existiu un encargo verbal, con omisión do preceptivo procedemento de contratación e con transgresión así mesmo da prohibición de contratación verbal contida no artigo 37.1 da LCSP, conforme co cal: “1. As entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña, conforme o sinalado no artigo 120.1, carácter de emerxencia” precepto este último que se refire a “Cando a Administración teña que actuar de maneira inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten a defensa nacional”; condicións que non concorrían neste caso.

É clara, en consecuencia, a concorrencia da causa de nulidade do artigo 47.1.e) da LPAC (na mesma liña cabe citar os precedentes Ditames CCG 404/2022, CCG 56/2023, CCG 129/2024, CCG 130/2024, CCG 173/2024, CCG 218/2024, CCG 331/2024, CCG 101/2025 ou CCG 191/2025, CCG 192/2025 ou CCG 193/2025).

#### **Quinta.**

O parecer deste órgano consultivo é, pois, favorable á revisión de oficio. Non obstante o sentido favorable deste ditame, o coñecemento que este órgano consultivo vén tendo nos últimos tempos de expedientes de revisión de oficio de contratacións verbais obriga a efectuar unha última consideración (no mesmo sentido, CCG 191/2025, 192/2025 ou 193/2025).

O sentido favorable do ditame do Consello Consultivo nestes casos vén referido estritamente á procedencia da revisión de oficio debido a concorrencia de causa ou causas de nulidade por infraccións moi graves do ordenamento xurídico, como é, de forma sobranceira, a omisión de todo procedemento contractual. A gravidade destas actuacións ten sido posta de manifesto tanto polos tribunais (neste sentido, por exemplo, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 19.7.2022, rec. 7016/2022, alude a unha “*omisión groseira e grave das máis elementais normas de dereito administrativo*”), como por órganos de fiscalización (así o Tribunal de Contas no seu informe nº 1.415: *Informe de fiscalización de los expedientes de reconocimientos extrajudiciales de crédito aprobados por las entidades locales en el ejercicio 2018* <sup>5</sup>) e por outros órganos consultivos como o Consejo de Estado que en Ditames como o 1518/2022 (con cita de ditames previos) sinala, en relación con irregularidades contractuais graves (entre elas, os supostos de contratación verbais) que:

*“(…) Todas estas situaciones ponen de relieve la existencia de graves infracciones en la contratación administrativa de las Administraciones implicadas. Aunque el ordenamiento jurídico dispone de mecanismos para reaccionar frente a tales conculcaciones de la legalidad e impedir que con ellas se causen perjuicios indebidos a los particulares, el Consejo de Estado debe una vez más manifestar su preocupación por la profusión de este tipo de actuaciones irregulares, que hace muy difícil salvaguardar adecuadamente los principios de publicidad y concurrencia que deben inspirar la contratación administrativa.*

*Por más que circunstancias de diverso tipo puedan interferir en la normal sucesión de los contratos o en la necesidad de recabar trabajos complementarios o extraordinarios que no pudieron preverse o anticiparse, es deber de la Administración actuar con previsión suficiente para garantizar que la contratación administrativa se ajusta a la legalidad, iniciando los procedimientos de contratación con la antelación suficiente o recurriendo, conforme a los procedimientos previstos en la legislación vigente, a utilizar las diversas soluciones permitidas para tales casos (contratación de emergencia, modificaciones del contrato o contratos complementarios).*

*Por ello, este Consejo de Estado debe enfatizar la responsabilidad que corresponde a la autoridad consultante para adoptar todas las medidas necesarias que eviten la continuación y repetición de conductas irregulares como la que está en el origen del expediente sometido a consulta (...)*

Segundo esta mesma liña, este órgano consultivo debe advertir de que a revisión de oficio nestes casos non enerva as responsabilidades que poidan derivarse nin tampouco é un procedemento que poida ser utilizado polas Administracións públicas para eludir as regras de contratación pública e orzamentaria ou para converter en habitual e ordinario un modo de actuación ao marxe das ditas regras. De aí que a constatación deste tipo de irregularidades ha de ir necesariamente acompañada da adopción das medidas tendentes a corrixilas e a evitalas, o que inclúe tanto a esixencia de eventuais responsabilidades como a debida planificación e previsión das necesidades contractuais e orzamentarias con antelación suficiente para garantir o cumprimento das esixencias legais.

**CONCLUSIÓN** Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina:

**“Que informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire, sen prexuízo do indicado na consideración quinta deste ditame”.** (.../...)

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado **SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES** prestado pola empresa **ESTURION, S.L.**

A contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado **SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES** prestado pola empresa **ESTURION, S.L.** atópase incurso en causa de nulidade de pleno dereito de conformidade co disposto polo artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por terse ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e dado o incumprimento dos artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3<sup>a</sup> da LCSP; os artigos 213 e 214 do TRLFL e os artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

**Segundo.-** Notificar, para os efectos oportunos, o acordo á empresa **ESTURION, S.L.**

**Terceiro.-** Remitir un certificado do acordo ao Consello Consultivo de Galicia.

**Cuarto.-** Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que teña lugar”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 22 de decembro de 2025 (CVD: N/HoBVX0drTtpejPBaS5) resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

**- 5.3. PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DA NULIDADE DO ACTO ADMINISTRATIVO DA CONTRATACIÓN VERBAL DO SERVIZO DE TRACTO SUCESIVO E DE COMPETENCIA MUNICIPAL SERVICIO DE TELEFONÍA FIXA, MÓBIL, ACCESO A INTERNET, CENTRALIÑAS VIRTUAIS E ALUGUER DE EQUIPO, INCLUÍNDO OS SERVIZOS DE CONEXIÓN CON OUTROS CENTROS DE TRABALLO DESTA CONCELLO, SERVIZOS DE FIREWALL (SEGURIDADE E ANTIVIRUS), SERVIDOR VIRTUAL E RESPOSTA RÁPIDA DE INCIDENCIAS E AVARÍAS PRESTADO POLA EMPRESA R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. .**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 22 de decembro de 2025 (CVD: +vnJQQpyjl9n7SxkBTI), que transcrita di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Visto que por resolución da Alcaldía número núm. 432/2025 de 9 de maio resolveuse caducidade do procedemento de revisión de oficio expediente número 2024/G003/000041 iniciado por resolución de alcaldía número 109/2024 de 5 de febreiro de 2024 por ter transcorrido o prazo previsto no artigo 106.5 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e incoar un novo procedemento de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE TELEFONÍA FIXA, MÓBIL, ACCESO A INTERNET, CENTRALIÑAS VIRTUAIS E ALUGUER DE EQUIPO, INCLUÍNDO OS SERVIZOS DE CONEXIÓN CON OUTROS CENTROS DE TRABALLO DESTA CONCELLO, SERVIZOS DE FIREWALL (SEGURIDADE E ANTIVIRUS), SERVIDOR VIRTUAL E RESPOSTA RÁPIDA DE INCIDENCIAS E AVARÍAS prestado pola empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A

Visto que en data 13 de maio de 2025 (núm. De rexistro de saída 20250000001864) notificouse a R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A a apertura do prazo de alegacións.

Visto informe asinado polo auxiliar de rexistro o 01.07.2025 (CVD: aCgFg9GCVyCILqvM06Yv) no que se fai constar “(...) *Que durante o período do día 15 de maio do 2025 ao 28 de maio do 2025 e consultado o rexistro xeral de entrada de documentos, non consta no mesmo a presentación de alegacións (...)*”.

Visto o informe-proposta emitido pola Interventora municipal en data 18 de setembro de 2025 (CVD: orSOE6MRxjfVMLbVsP6d)

Vista a resolución de alcaldía número 879/2025 de 23 de setembro pola que se resolveu solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIO DE TELEFONÍA FIXA, MÓBIL, ACCESO A INTERNET, CENTRALIÑAS VIRTUAIS E ALUGUER DE EQUIPO, INCLUÍNDO OS SERVIZOS DE CONEXIÓN CON OUTROS CENTROS DE TRABALLO DESTA CONCELLO, SERVIZOS DE FIREWALL (SEGURIDADE E ANTIVIRUS), SERVIDOR VIRTUAL E RESPOSTA RÁPIDA DE INCIDENCIAS E AVARÍAS prestado pola empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A (CVD: eC8E3cAu1F8BcdE3IP/c )

Visto o Ditame número CCG 332/2025 emitido o 12/11/2025 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 20259000002928) o cal é do seguinte tenor literal:

**“(…/…)Terceira. (…/…)**

Finalmente, segundo o establecido no artigo 41.3 da LCSP, será competente para declarar a nulidade do acto de adxudicación do contratos o órgano de contratación cando se trate de contratos dunha Administración pública <sup>3</sup>, tendo en conta que, por outra banda, consonte coa sentenza do Tribunal Supremo do 13.12.2022 (rec. 4472/2020) “En tanto no se colme el evidente vacío legal, el órgano competente para conocer de las revisiones de actos nulos de pleno derecho de los Presidentes de las Corporaciones Locales de régimen común es el Pleno del Ayuntamiento” e que “No cabe la delegación de tal facultad” <sup>4</sup>.

**Cuarta. (…/…)**

Neste caso, como se analizou antes, a adxudicación do contrato debía axustarse á LCSP. Porén, só existiu un encargo verbal, con omisión do preceptivo procedemento de contratación e con transgresión así mesmo da prohibición de contratación verbal contida no artigo 37.1 da LCSP, conforme co cal: “1. As entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña, conforme o sinalado no artigo 120.1, carácter de emerxencia” precepto este último que se refire a “Cando a Administración teña que actuar de maneira inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten a defensa nacional”; condicións que non concurrían neste caso.

É clara, en consecuencia, a concorrencia da causa de nulidade do artigo 47.1.e) da LPAC (na mesma liña cabe citar os precedentes Ditames CCG 404/2022, CCG 56/2023, CCG 129/2024, CCG 130/2024, CCG 173/2024, CCG 218/2024, CCG 331/2024, CCG 101/2025 ou CCG 191/2025, CCG 192/2025 ou CCG 193/2025).

**Quinta.**

O parecer deste órgano consultivo é, pois, favorable á revisión de oficio. Non obstante o sentido favorable deste ditame, o coñecemento que este órgano consultivo vén tendo nos últimos tempos de expedientes de revisión de oficio de contratacións verbais obriga a efectuar unha última consideración (no mesmo sentido, CCG 191/2025, 192/2025 ou 193/2025).

O sentido favorable do ditame do Consello Consultivo nestes casos vén referido estritamente á procedencia da revisión de oficio debido a concorrencia de causa ou causas de nulidade por infraccións moi graves do ordenamento xurídico, como é, de forma sobranceira, a omisión de todo procedemento contractual. A gravidade destas actuacións ten sido posta de manifesto tanto polos tribunais (neste sentido, por exemplo, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 19.7.2022, rec. 7016/2022, alude a unha “*omisión groseira e grave das máis elementais normas de dereito administrativo*”), como por órganos de fiscalización (así o Tribunal de Contas no seu informe nº 1.415: *Informe de fiscalización de los expedientes de reconocimientos extrajudiciales de crédito aprobados por las entidades locales en el ejercicio 2018* <sup>5</sup>) e por outros órganos consultivos como o Consejo de Estado que en Ditames como o 1518/2022 (con cita de ditames previos) sinala, en relación con irregularidades contractuais graves (entre elas, os supostos de contratación verbais) que:

*“(…) Todas estas situaciones ponen de relieve la existencia de graves infracciones en la contratación administrativa de las Administraciones implicadas. Aunque el ordenamiento jurídico dispone de mecanismos para reaccionar frente a tales conculcaciones de la legalidad e impedir que con ellas se causen perjuicios indebidos a los particulares, el Consejo de Estado debe una vez más manifestar su preocupación por la profusión de este tipo de actuaciones irregulares, que hace muy difícil salvaguardar adecuadamente los principios de publicidad y concurrencia que deben inspirar la contratación administrativa.*

*Por más que circunstancias de diverso tipo puedan interferir en la normal sucesión de los contratos o en la necesidad de recabar trabajos complementarios o extraordinarios que no pudieron preverse o anticiparse, es deber de la Administración actuar con previsión suficiente para garantizar que la contratación administrativa se ajusta a la legalidad, iniciando los procedimientos de contratación con la antelación suficiente o recurriendo, conforme a los procedimientos previstos en la legislación vigente, a utilizar las diversas soluciones permitidas para tales casos (contratación de emergencia, modificaciones del contrato o contratos complementarios).*

*Por ello, este Consejo de Estado debe enfatizar la responsabilidad que corresponde a la autoridad consultante para adoptar todas las medidas necesarias que eviten la continuación y repetición de conductas irregulares como la que está en el origen del expediente sometido a consulta (…)*”.

Seguindo esta mesma liña, este órgano consultivo debe advertir de que a revisión de oficio nestes casos non enerva as responsabilidades que poidan derivarse nin tampouco é un procedemento que poida ser utilizado polas Administracións públicas para eludir as regras de contratación pública e orzamentaria ou para converter en habitual e ordinario un modo de actuación ao marxe das ditas regras. De aí que a constatación deste tipo de irregularidades ha de ir necesariamente acompañada da adopción das medidas tendentes a corrixilas e a evitalas, o que inclúe tanto a esixencia de eventuais responsabilidades como a debida planificación e previsión das necesidades contractuais e orzamentarias con antelación suficiente para garantir o cumprimento das esixencias legais.

**CONCLUSIÓN** Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina:

**“Que informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire, sen prexuízo do indicado na consideración quinta deste ditame”**” . (.../...)

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal **SERVICIO DE TELEFONÍA FIXA, MÓBIL, ACCESO A INTERNET, CENTRALIÑAS VIRTUAIS E ALUGUER DE EQUIPO, INCLUÍNDOS OS SERVIZOS DE CONEXIÓN CON OUTROS CENTROS DE TRABAÑO DESTES CONCELLO, SERVIZOS DE FIREWALL (SEGURIDADE E ANTIVIRUS), SERVIDOR VIRTUAL E RESPOSTA RÁPIDA DE INCIDENCIAS E AVARÍAS** prestado pola empresa **R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.** .

A contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado **SERVICIO DE TELEFONÍA FIXA, MÓBIL, ACCESO A INTERNET, CENTRALIÑAS VIRTUAIS E ALUGUER DE EQUIPO, INCLUÍNDOS OS SERVIZOS DE CONEXIÓN CON OUTROS CENTROS DE TRABAÑO DESTES CONCELLO, SERVIZOS DE FIREWALL (SEGURIDADE E ANTIVIRUS), SERVIDOR VIRTUAL E RESPOSTA RÁPIDA DE INCIDENCIAS E AVARÍAS** prestado pola empresa **R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A** atópase incurso en causa de nulidade de pleno dereito de conformidade co disposto polo artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de

1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por terse ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e dado o incumprimento dos artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP; os artigos 213 e 214 do TRLFL e os artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

**Segundo.-** Notificar, para os efectos oportunos, o acordo á empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. .

**Terceiro.-** Remitir un certificado do acordo ao Consello Consultivo de Galicia.

**Cuarto.-** Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que teña lugar”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 22 de decembro de 2025 (CVD: +vnJQQpyyjI9n7SxkBTI), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo